



MISA CON NENOS
15 de outubro 2023
ORDINARIO 28º-A



Mateo 22, 1-10: “Ide á festa e traede o vestido axeitado”.

Mensaxe: Viste o teu corazón de festa

que Xesús convidate a un banquete

1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: O Señor preparounos un banquete, unha festa grande e convidounos a todos. Nós acudimos á festa da eucaristía deixando as nosas actividades e preocupacións. Poñámonos o traxe de festa, un traxe que non o atoparemos no armario nin nos grandes almacéns; atoparémolo no noso interior, é o traxe da alegría, da graza. Que cada domingo a Eucaristía sexa a festa do encontro con Xesús, a festa da comunidade na que cada un poña o mellor de si mesmo.

SAÚDO: No nome do Pai... *Xesús, que cada domingo nos convida á Eucaristía e se fai presente entre nós, sexa convosco.*

2. PERDÓN

Pedimos perdón ao Señor polas nosas escusas e pecados.

-Ti que nos convidas cada domingo para celebrar a eucaristía, a festa de Cristo morto e resucitado. **Señor, ten piedade de nós.**

-Ti que non te cansas de escoitar as nosas desculpas ao preferir outras festas. **Cristo, ten piedade de nós.**

-Ti que queres que veñamos co traxe novo da graza, do perdón, da fraternidade. **Señor, ten piedade de nós.**



3. PALABRA DE DEUS

As lecturas de hoxe fálannos de festa de alegría, de banquete para os que acollemos a Deus. Para Isaías Deus preocúpase de nós e por iso preparará para todos unha gran festa e enxugará as bágoas de todos. San Paulo agradece a axuda dos que o asistiron e convídaos a celebrar e gozar a salvación de Dios. No evanxeo, Xesúsponse triste porque algúns rexeitan a Deus, non acoden á súa festa poñendo escusas ou non visten o traxe da graza, de fillos de Deus.

4. PETICIÓNS

Ti, Pai, fixeches da vida e da terra unha oferta de banquete gratuíto e solidario, e invitás a todos a participar nel. Por iso dicímosche.

R. -Grazas por invitarnos á túa festa.

1. Pola Igrexa e polas nosas parroquias para que sexan comunidades alegres e festivas. **Oremos.**
2. Polas familias para que sexan fogares de comunión, santuarios de vida e oración e escolas onde se aprende a vivir o evanxeo. **Oremos.**
3. Polos cristiáns para que aceptemos cada domingo a invitación do Señor para celebrar con alegría a festa dominical do encontro con Cristo na eucaristía. **Oremos.**
4. Para que non poñamos excusas a vivir a fe, a estar con Xesús, a vivir para el. **Oremos.**
5. Por nós, para que acudamos á Eucaristía con traxe digno, co traxe do amor e da graza dos fillos de Dios. **Oremos.**
6. Polos nenos da catequese para que esta os axude a coñecer máis a Xesús, a atoparse con el cada domingo e a construír o seu Reino. **Oremos.**
7. Polos que sofren os efectos sanitarios económicos e sociais da pandemia, polos enfermos, por todos nós para que sexamos responsables. **Oremos.**

Escoita, Señor, a nosa oración, e que un día poidamos participar na festa do ceo levados da man de María. Por XCNS. Amén.

5. OFRENDAS

- CIRIO DO ALTAR ACENDIDO:** Ofrecémosche, Señor, este cirio aceso, símbolo da túa presenza entre nós, que nos reúnes, iluminas e alegras nesta festa dominical que estamos a celebrar.
- CADEIRA BALEIRA:** Hoxe traemos xunto a ti esta cadeira baleira, polos que non están aquí na túa festa, polos que preferiron outras cousas que sentar á mesa contigo, e por nós que tamén ás veces poñemos excusas e non acudimos a estar contigo e alimentarnos co Pan que nos dás.
- PAN E VIÑO:** Co pan e o viño, manxar que comemos todos os domingos, ofrecémosche Señor o que Ti mesmo nos deixaches aquel Xoves Santo: o teu Corpo e o teu Sangue. Que nunca nos falte a Eucaristía e, así, faremos da vida unha auténtica festa.